

MUFACE

Acción social, Formación e Produtividade

2/10/2024

Reuniuse o Grupo de Traballo de Acción Social e Formación e o Secretario Xeral de MUFACE informou tamén sobre outras materias.

Os temas concretos que se trataron foron os seguintes:

Produtividade adicional por cumprimento de obxectivos: abono en novembro dos dous semestres xuntos.

Tal e como informáramos noutras notas, o motivo do atraso do pagamento viña motivado porque a entidade non recibira o crédito. O feito do cambio de Ministerio e a falta de novos orzamentos do Estado dificultou considerablemente todos os temas económicos da mutualidade.

Nuns días teremos unha reunión para ver os criterios de distribución e MUFACE vai propoñer que a distribución sexa con criterios similares aos que había ata agora. A previsión é que o pagamento se faga en novembro (nun só pago os dous semestres). Aínda non está decidido se coa nómina dese mes ou nunha nómina aparte.

Dende a CIG xa adiantamos que non estamos de acordo coa distribución actual porque non se xustifica que as persoas que ocupan postos máis altos perciban o dobre que as dos postos máis baixos. A produtividade debe recompensar o maior esforzo no posto de traballo porque a maior responsabilidade ou dificultade no traballo xa se retribúe no soldo e complementos de destino e específico.

Tamén adiantamos que queremos negociar a elaboración dunha instrución onde se regulen as diferentes produtividades que se perciben.

Traballo a distancia: parece que todo vai seguir igual, pero temos que esperar para comprobalo.

Logo da aprobación do Plan de Traballo a Distancia do Ministerio, MUFACE propuxo que nos adheramos a ese Plan. A CIG está de acordo pero sempre que se aprobe unha instrución de aplicación do Plan para os postos deste organismo, especialmente os dos servizos provinciais que son os que xeran máis problemas. Non nos parece axeitado que se dependa do favor para ter dereito ao traballo a distancia.

A intención da mutualidade é non facer esa instrución e reunirse coas directoras e directores provinciais para que, dentro duns criterios comúns, sexan elas e eles os que decidan si o conceden ou non.

Acción social: hoxe publícanse as listaxes provisionais e a partir de mañá comeza o prazo de alegacións.

Existe un remanente de 25.000 € e enviarán unha proposta de reparto do mesmo.

Formación: aprobouse o Plan de Formación do segundo semestre, coa abstención da CIG.

Na formación específica se vai dar un curso de *Actualización de prestacións sociais* (15h) e 3 edicións da xornada *Xestión do subsidio por incapacidade temporal* (5h) para persoal de novo ingreso. Tamén se impartirán 3 edicións da xornada *O posto de traballo dixital e intelixente e as novas ferramentas ofimáticas e video-colaborativas* (7h) destinado a todo o persoal e un curso específico para o persoal do gabinete de arquitectura de MUFACE.

Dentro do Plan de Formación da Mutualidade Saudable, Sostible e Solidaria vanse dar os seguintes cursos: *Intelixencia emocional* (25h), *Felicidade no traballo* (20h) e *Desenvolvemento de habilidades para a xestión de si mesmo* (32 horas).

Neste punto, a CIG mantivo a súa abstención pero indicou que esta formación parécelle axeitada sempre que a formación necesaria para desenvolver o traballo estea cuberta. Dado que non temos datos sobre iso, abstémonos.